

Editorial

Moi probablemente cantos teñades na man este número de *CROA* xa saberedes por outros medios que houbo renovación de Xunta Directiva da Asociación de Amigos do Museo do Castro de Viladonga que promove esta publicación.

Nesa renovación tocoulle a este que escribe, Xosé Manuel Carballo, a función nada menos ca de Presidente. E dende aquí aproveito para enviar o saúdo máis cordial.

Teño que comezar confesando que o cargo éncheme de honra, porque, como tamén sabedes moitos dos socios e quen teña lido o nº 11 de *CROA*, mantiven estreita relación co “Tolo do Castro” xa dende antes de que a outros “tolos” lles dese por dedicarlle ó Castro moitas horas de vixilia e tamén de sono, que os “tolos” acostuman a durmir máis ben pouco.

Pero non estou tan tolo como para non ser consciente das miñas limitacións para cumprir con dignidade as cargas inherentes a esta función. Por iso aceptei case por “imperativo legal”. Minto. Aceptei por “imperativo de amizade” con quen mo pediu e con quen me votou.

Menos mal que á hora de levar as cargas somos un equipo no que tódolos demais compoñentes teñen máis capacidade e máis competencia ca min: o Vicepresidente: Enrique Jorge Montenegro; o Secretario: César Llana Rodríguez; a Tesoureira: M^a Luísa Fernández Bal; e os Vocais: Juan Francisco Núñez Jato; Manuel Castro Losada e, ata agora, Felipe Arias Vilas.

Xuntos procuraremos que as iniciativas e actividades que se viñan levando a cabo non esmorezan, e, coa

axuda de todos e todas os membros da Asociación que teñan a ben colaborar, que xurdan outras novas.

Para maior desacougo, Felipe, que viña cargando coa maior parte do peso, ten agora novas responsabilidades a nivel de toda a Comunidade Galega. Toda a responsabilidade de Director Xeral de Patrimonio Cultural. ¡Case nada!

Aledámonos por el e felicítámolo moi sinceramente. Non deixa de ser tamén para nós un honor. E aledámonos mesmamente por Galicia, pero a súa “ausencia” non deixa de conturbarnos.

Dende hai moito tempo eu viña dicindo, convencido, que o mellor tesouro do Museo do Castro de Viladonga era o seu Director, Felipe. Quen manda non roga e cambiáronlo de lugar sen deixarnos réplica. Menos mal que ten corazón grande abondo para que unha parte del fiquen con nós.

Tan grande coma o seu corazón é a súa capacidade de traballo, por iso sabemos que, respectando á nova Directora e coa súa venia, algo argallará para seguir deixándose sentir por estes paraxes.

Na nova Directora, Elena Varela Arias, queda bo relevo. Xa de por si o seu nome ten moito que ver coa cultura e con ser luz. E hai nomes que imprimen carácter. Elena foi a primeira Presidenta da Asociación; pero tamén foi xa Directora do Museo das Peregrinacións. Participou nas escavacións do Castro do 1982. Coas súas mans axudou a desenterrar, con arte e paciencia de cirurxiá, parte das nosas raíces. E dende hai décadas tamén cumpriu como se debe coa súa

función de Conservadora do Museo e do Castro, coidando con agarimo desas raíces xa desenterradas para que non as tome o frío e esmorezan, e das aínda enterradas para que non sexan sacrilegamente profanadas.

Un dos froitos máis saborosos da Asociación de Amigos do Museo veu sendo esta revista-boletín, *CROA*, que cumpre a dobre función de formar e informar cara a dentro da Asociación e cara a fóra dela.

Hoxe, a pesar dos cambios reseñados, sentimos a satisfacción de dar á luz este nº 15.

Cada un dos anteriores foi de calidade, único e variado. Non debo ser eu quen xulgue este, porque non é admisible ser xuíz e parte ó mesmo tempo. Todos e todas vós tedes capacidade para xulgar por vós mesmos, pero entendemos que este número tamén ten a calidade da que os seus lectores sodes merecentes, tanto polas acreditadas firmas dos colaboradores e colaboradoras, coma polos contidos cos que nos agasallan.

Vén sendo unha constante en *CROA* ollar simultaneamente, dende o aquí e o agora, cara ó pasado e cara ó futuro. Unha mirada para atrás coa fin de ser cada día máis conscientes desas raíces que nos dan relente, e unha mirada cara adiante para que non nos pase coma á muller de Lot, que, por quedarse apamando só coa vista fixa no pasado, ficou convertida en estatua de sal.

Esa dobre mirada perpetúase tamén neste recién nado número de *CROA* que nestes intres tes nas túas mans. Só pedimos que sexa aceptado co agarimo co que foi enxendrado e dado á luz.

